

# Convocatoria

# Dirección do IGFAE

## Proceso de selección 2026

**Santiago de Compostela**

**23/07/2026**

## Convocatoria para a Dirección do IGFAE

### Proceso de selección 2026

**Data de apertura: 23 de xullo de 2026**

**Prazo de presentación de candidaturas: 15 de outubro de 2026**

**Referencia: IGFAE\_Director\_Call**

O Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE) abre o proceso de selección para cubrir o posto de dirección do Instituto. A incorporación prevista sería o primeiro semestre de 2027.

O IGFAE é un centro mixto da Universidade de Santiago de Compostela e da Xunta de Galicia dedicado á investigación de excelencia en física de partículas, física nuclear, astropartículas e áreas relacionadas, desde perspectivas teóricas, experimentais e tecnolóxicas. O centro está abrindo, ademais, unha nova liña en ciencia e tecnoloxías da información cuántica, impulsada por un recente convenio co Centro de Supercomputación de Galicia, CESGA.

Neste momento, a actividade científica do Instituto organízase arredor de tres áreas estratéxicas: O Modelo Estándar ata os seus límites; Partículas cósmicas e física fundamental; e Física nuclear desde o laboratorio para mellorar a saúde das persoas. O IGFAE participa en grandes colaboracións, experimentos e infraestruturas internacionais e abrangue desde a investigación fundamental sobre os constituíntes elementais da materia e as interaccións fundamentais ata as súas aplicacións tecnolóxicas.

A súa misión inclúe tamén a formación de novas xeracións de persoal investigador, a atracción de talento, a transferencia de coñecemento, a innovación e a promoción da cultura científica, así como o retorno industrial das grandes infraestruturas internacionais nas que participa, unha das señas de identidade do centro. O Instituto foi recoñecido como Unidade de Excelencia María de Maeztu en 2017 e obtivo unha segunda acreditación para o período 2024-2030. Forma parte, así mesmo, da rede CIGUS de centros de investigación de excelencia da Xunta de Galicia. No ano 2025 foi inaugurada a sede do IGFAE, ampliando significativamente tanto o espazo físico dispoñible como as capacidades do centro.

A apertura desta sede significou o inicio dunha nova etapa para o centro, con maiores capacidades nos laboratorios experimentais para asumir os grandes retos da física dos próximos anos; cun deseño moderno e aberto, que percura unha maior integración interna, así como unha maior apertura ao exterior; e cunha organización dos espazos que promove a atracción de talento, que impulse novas liñas de investigación, e o seu desenvolvemento no centro.

A persoa que asuma a Dirección deberá liderar esta nova etapa do Instituto, consolidar os avances acadados, reforzar a súa posición internacional e promover unha visión científica ambiciosa, integradora e sostible para os próximos anos.

## Perfil das persoas candidatas

De acordo co Regulamento de réxime interno do Instituto, a Dirección deberá recaer nunha persoa científica de recoñecido prestixio nas áreas de investigación do IGFAE, con título de doutoramento e dedicación a tempo completo. As persoas candidatas deberán contar, por tanto, cunha traxectoria científica de excelencia, recoñecida internacionalmente nun ámbito relacionado coas actividades do centro.

### Valorarase especialmente:

- A experiencia na dirección de equipos, centros, estruturas científicas ou grandes proxectos de investigación.
- A capacidade para definir e desenvolver unha visión científica e estratéxica ambiciosa para o Instituto.
- A experiencia na captación de financiamento competitivo.
- A participación na dirección de proxectos, colaboracións ou consorcios internacionais.
- A capacidade para promover a cooperación entre as distintas áreas científicas, experimentais, teóricas e tecnolóxicas do Instituto.
- O coñecemento dos sistemas galego, español e europeo de investigación.
- A capacidade de interlocución coas institucións académicas, administracións públicas, organismos financiadores e outros axentes científicos e sociais, así como a experiencia na transferencia de coñecemento e relación coa industria.
- O compromiso coa igualdade, a diversidade, a integridade científica, a investigación responsable e a creación dun contorno de traballo inclusivo e colaborativo.

O inglés é unha lingua habitual de traballo no IGFAE. Para o exercicio efectivo das funcións de Dirección será necesario contar cun coñecemento funcional do galego ou do castelán, ou asumir o compromiso de adquirilo nun prazo razoable desde a incorporación.

## Funcións da Dirección

Corresponderá á persoa que exerza a Dirección:

- Proporcionar a visión científica e definir os obxectivos estratéxicos do Instituto.
- Liderar a elaboración, actualización e execución do plan estratéxico do IGFAE.
- Dirixir, coordinar e impulsar as actividades científicas, tecnolóxicas, de innovación e de transferencia do Instituto.
- Promover a excelencia científica e a colaboración entre as distintas áreas e programas de investigación.
- Representar o IGFAE ante as institucións promotoras, os organismos financiadores e outras entidades nacionais e internacionais.

- Promover a captación, a formación e a retención de talento científico, técnico e de xestión.
- Impulsar a captación de financiamento competitivo e contribuír á sustentabilidade institucional e financeira do centro.
- Presentar aos órganos de goberno do Instituto os plans de actividade, as propostas estratéxicas, os orzamentos e os informes correspondentes.
- Coordinarse cos órganos de goberno do Instituto, a Xunta de Goberno e o Scientific Advisory Board, e dirixir e coordinar as estruturas internas científicas, técnicas e de xestión.
- Promover un contorno de traballo inclusivo, colaborativo e respectuoso, baseado nos principios de igualdade, diversidade, integridade científica e boas prácticas.
- Impulsar a innovación, a transferencia de coñecemento e a colaboración con outros centros de investigación, infraestruturas científicas, institucións e empresas.
- Impulsar a comunicación científica, a divulgación, a cultura científica e a relación do Instituto coa sociedade.
- Impulsar a colaboración, a influencia e reputación internacional do Instituto e dos seus investigadores, en especial nas grandes infraestruturas científicas internacionais, e nos foros onde se deciden as estratexias de futuro.
- Exercer as demais funcións que lle correspondan de acordo coa normativa e co sistema de goberno do IGFAE.

## Presentación de candidaturas

As candidaturas deberán incluír a seguinte documentación, redactada en inglés:

1. Curriculum vitae
2. Carta de motivación – máximo 2 páxinas
3. Memoria coa visión científica, estratéxica e organizativa da persoa candidata para o IGFAE durante os próximos catro anos – máximo 4 páxinas

A documentación deberá enviarse por vía electrónica a [directorcall2026@igfae.gal](mailto:directorcall2026@igfae.gal) con data límite o 15 de outubro de 2026.

Consultas informais sobre a convocatoria poderán dirixirse á dirección do IGFAE: [carlos.salgado@usc.gal](mailto:carlos.salgado@usc.gal) ou [director@igfae.gal](mailto:director@igfae.gal); e/ou á vicerreitoría de Investigación e Ciencia Aberta da Universidade de Santiago de Compostela: [vr.investigacion@usc.gal](mailto:vr.investigacion@usc.gal). Tanto as consultas como as candidaturas serán tratadas de maneira confidencial.

## Condicións do nomeamento

O nomeamento terá unha duración inicial de catro anos, prorrogable de acordo coa normativa e cos procedementos de avaliación establecidos polos órganos de goberno do IGFAE e pola Universidade de Santiago de Compostela.

No caso de que a persoa seleccionada non manteña, no momento da súa selección, unha relación laboral coa Universidade de Santiago de Compostela, o seu nomeamento quedará supeditado á formalización dun acordo de adscrición coa súa institución de orixe ou, de ser o caso, o establecemento dunha relación contractual coa universidade.

A incorporación está prevista para o primeiro semestre de 2027.

## Procedemento de selección

O Scientific Advisory Board (SAB) do IGFAE será o órgano encargado de avaliar as candidaturas presentadas e poderá elaborar unha lista reducida de persoas candidatas para a realización de entrevistas.

As persoas incluídas na lista reducida poderán ser convidadas a presentar diante do SAB a súa traxectoria e a súa visión científica, estratéxica e organizativa para o Instituto.

Tras completar o proceso de avaliación, o Scientific Advisory Board emitirá un informe preceptivo, pero non vinculante, que será remitido aos órganos competentes, en particular, á Xunta de Goberno do IGFAE, órgano que propondrá o seu nomeamento.

O nomeamento da persoa titular da Dirección será realizado pola reitora da Universidade de Santiago de Compostela, de acordo co procedemento establecido no Regulamento de réxime interno do IGFAE e as normas propias da Universidade, así como, de ser o caso, da Rede de centros CIGUS.

O proceso de selección rexeráse polos principios de mérito, capacidade, transparencia, igualdade de oportunidades e non discriminación. Adoptaranse as medidas necesarias para identificar e xestionar posibles conflitos de interese.

## Calendario orientativo

[Este calendario é puramente orientativo e podería sufrir modificacións]

- Publicación da convocatoria: 23 de xullo de 2026.
- Fin do prazo de presentación de candidaturas: 15 de outubro de 2026.
- Avaliación inicial e elaboración, de ser o caso, dunha lista reducida: ata o 30 de outubro de 2026.
- Avaliación das candidaturas e reunión do Scientific Advisory Board: novembro de 2026.
- Emisión do informe do Scientific Advisory Board: decembro de 2026 – xaneiro de 2027.
- Nomeamento: primeiro semestre de 2027.
- Incorporación prevista: primeiro semestre de 2027.

O IGFAE promove a igualdade de oportunidades e está comprometido coa creación dun contorno de traballo diverso, inclusivo e respectuoso. Anímase especialmente a presentar a súa candidatura ás mulleres e ás persoas pertencentes a colectivos actualmente infrarrepresentados nos ámbitos da investigación e da dirección científica.